

FICHA RESUME

PE403A 2007/58-5

| | |
|---------------------------------------|--|
| Ano | 2008 |
| Entidade | CONFRARÍA DE PESCADORES DE A GUARDA |
| Plan explotación⁽¹⁾ | PLAN DE EXPLOTACIÓN DE PERCEBE |
| Réxime⁽²⁾ | ZONA DE LIBRE MARISQUEO |
| Modalidade⁽³⁾ | DENDE EMBARCACIÓN |

| | |
|--------------------------------|--|
| Especies | Percebe (<i>Pollicipes pollicipes</i>) |
| Ambito do plan | De Punta Orelludas a Punta dos Picos |
| Subzonas de explotación | Zona A: De Punta Orelludas ata Pedra do Forno Zona B: Dende Pedra do Forno ata Punta Pescadoira Zona C: Dende Puntal Sarrido ata Contradique Porto A Guarda Zona D: Dende Baloeiro ata Punta dos Picos. |

| Participantes no plan de explotación | | |
|---|--------------|---------------------------|
| Número de permex/persoas autorizadas | | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes |
| | 19 | 3 |
| Ampliación do número de permex⁽⁴⁾ | | Non |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes/Habilitacións |
| | | |

| Calendario de explotación | | | | | | | | | | | |
|--|-----|-----|-------|------|------|-------|--------|--------|-------|--------|-----|
| Días máximos de extracción | | 100 | | | | | | | | | |
| Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : de xaneiro a decembro | | | | | | | | | | | |
| Modalidade⁽³⁾: dende embarcación | | | | | | | | | | | |
| xan | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec |
| X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| A,B | C,D | A,B | C,D | A,B | C,D | A,B | C,D | A,B | C,D | A,B | C,D |

| Topes de captura⁽⁶⁾ | | | |
|---------------------------------------|-------------|--------------------|-------------------------|
| Especies | A pé | Embarcación | Habilitación/día |
| Percebe | | | 6kg |

| | |
|-------------------------|-------------------------------------|
| Artes a empregar | Rasqueta segundo o Decreto 424/1993 |
|-------------------------|-------------------------------------|

| | |
|--------------------------|---|
| Puntos de control | Peirao do porto da Guarda e peirao de Santa M ^a de Oia |
| Puntos de venda | Lonxa da Guarda |

| Accións a realizar⁽⁷⁾ | Épocas probables⁽⁸⁾ | | | | | | | | | | | |
|--|---------------------------------------|---|---|---|---|---|----|---|---|---|---|---|
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Rexeneración zonas improdutivas | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Extracción semente para resembrar | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Sementeiras | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|----|---|---|---|---|---|--|
| Traslados | | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D | |
| Rareos | | X | X | | | | | | | X | X | | |
| Zonas: zona A (o Regueiriño do torto), zona B (pedras do Costado, o Lombo, o Callao), zona C (o Peixiño, os Petóns e a Balea) | | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D | |
| Limpezas e arados | | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D | |
| Outros | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | |

Outras consideracións ⁽⁹⁾

PROPOSTA DE AMPLIACIÓN: segundo o informe biolóxico, o análise da evolución do plan de anos anteriores non xustificaría a cobertura de vacantes, dado que a pesares de que o número de barcos coa modalidade de percebe no seu permiso diminuíu en 5 unidades dende o ano 2001, a media de asistencia a pesquería tanto de barcos como tripulantes mantívose constante, de xeito que a pesar de reducirse as embarcacións non diminuíu o esforzo pesqueiro. Por outra banda a evolución das capturas totais nos últimos 5 anos e os datos de captura por unidade de esforzo son bastante constantes, polo que o descenso no número de embarcacións e tripulantes non supuxo un incremento da explotación que permitiría xustificar a existencia de recurso suficiente como para permitir a ampliación do número de permisos. Por todo iso **non se aproba** a ampliación proposta.

Sinalar que o plan presentado non presenta unha avaliación do recurso polo que para **valorar a cobertura de vacantes dende o punto de vista biolóxico sería necesario que a entidade presentase una avaliación do estado actual dos bancos.**

En calquera caso consideraríase xustificada que se exceptúen as regras xerais de cubrir vacantes en primeiro lugar mediante o incremento de tripulantes habilitados nas embarcacións que xa teñen recoñecida a modalidade de percebe no permiso de explotación, así como o non admitir novas embarcacións que teñan un só tripulante. Polo tanto aceptaríase que se podan admitir novas embarcacións que teñan un só tripulante, e que unha vez seleccionadas as novas embarcacións e outorgadas as prazas de tripulantes de xeito que se completen as tripulacións das novas embarcacións, o resto das prazas serían descartadas de conformidade co solicitado no plan. O proceso de cobertura de vacantes realizaríase segundo o establecido na resolución de 09.10.2007 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se modifica o baremo aplicable para acceso á explotación dos recursos específicos aprobado por resolución de 16.09.2007

DÍAS MÁXIMOS AUTORIZADOS: de acordo co informe técnico, e co fin de adaptar os días autorizados aos traballados en anos anteriores, redúcense a 100 días

APERTURAS: Tendo en conta as características da zona de traballo en canto o estado do mar do colectivo de percebeiros de A Guarda, aceptase que nas resolucións de apertura dos meses de verán se podan incluír zonas principias e de reserva, sempre e cando o Intecmar informe favorablemente e o cambio da zona de traballo sexa comunicado á delegación territorial.

COMERCIALIZACIÓN DE DESCARTES: Aceptase que os descartes de percebe resultado de limpezas e rareos se comercialicen en centros autorizados polo sistema de venda conxunta, sen embargo deberá cumprirse a normativa vixente en canto a extracción e comercialización de produtos pesqueiros, é dicir respectar as tallas mínimas legais, os días e horarios laborais

e os topes de captura (excepto que o/a biólogo/a de zona informe favorablemente a extracción resultante dos traballos sen tope de captura).

A pesares do acordo do colectivo de que mentres se realice a extracción nas pedras ninguén pode contar ca axuda de persoas sen permex que queden na embarcación limpando as capturas, esta delegación dubida da legalidade de impedir a realización de labores complementarias da actividade de extracción (limpezas) a tripulantes enrolados na embarcación que non teñan habilitación para a extracción de percebe.

*
